



**XUNTA
DE GALICIA**

P.E

**Normas de Organización
e Funcionamento do Centro
Convivencia – Normas básicas**

(Actualización)

Curso 2017 - 2018

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	Páx. 5
1.1 Identificación:	
1.2 Contexto socioeconómico-cultural	
1.3 Tipoloxía escolar:	
1.4 Obxectivos:	
1.5 Lexislación [para a súa elaboración]	
2. SINAIS DE IDENTIDADE	Páx. 9
2.1 Confesionalidade	
2.2 Lingua de aprendizaxe	
2.2.1 Docentes	
2.2.2 Potenciación da lingua galega	
2.2.3 Aspectos principais	
2.2.4 Outros ámbitos de aplicación	
2.3 Liña metodolóxica	
3. ORGANIZACIÓN PRACTICA DA PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DE COMUNIDADE EDUCATIVA E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS PARTICIPATIVAS	Páx. 12
3.1 Órganos de Goberno	
3.1.1 Órganos unipersoais	
A) Dirección	
B) Xefatura de Estudos	
C) A Secretaría	
3.1.2 Órganos colexiados	
A) O Consello Escolar	
B) O Claustro de Profesores/as	
3.2 Órganos de coordinación docente	
A) Equipos docentes e de Ciclo	
B) Comisión de Coordinación Pedagóxica	
C) Equipo de Dinamización da Lingua Galega	
D)Equipo de Actividades Complementarias e Extra escolares	
3.3 As titorías: Titoras/as, plan de acción tutorial	
3.3.1 Ámbito de funcionamento	
3.3.2 Reunións con pais/nais	
3.3.3 Plan de acción tutorial	
3.4 Atención aos alumnos/as con necesidades educativas especiais	
3.5 As A.N.PA.S	
4. RECURSOS HUMANOS	Páx. 19
4.1 Profesorado	
4.1.1 Forma de adscrición ao curso	
4.1.2 Dereitos e Obrigas	
4.1.2.1 Dereitos	
4.1.2.2 Obrigas	

- 4.1.3 Procedemento de substitución en caso de ausencia
- 4.2 Alumnado
 - 4.2.1 Admisión
 - 4.2.2 Dereitos
 - 4.2.3 Obrigas
 - 4.2.4 Agrupamentos e medidas de atención a diversidade
- 4.3 Nais e pais ou titoras e titores dos alumnos/as
 - 4.3.1 Dereitos
 - 4.3.2 Obrigas
- 4.4 Persoal de administración e servizos
 - 4.4.1 Dereitos
 - 4.4.2 Obrigas
- 4.5 Utilización das instalacións escolares

**5. PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS
E DOS RESTANTES MEMBROS DA COMUNIDADE
EDUCATIVA NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO**

Páx. 25

- 5.1 Procedementos de consulta e participación directa no ensino
- 5.2 Principios xerais e garantías dos procedementos de consulta e participación directa
- 5.3 Acceso das nais e pais ou das titoras ou titores ao profesorado e aos equipos directivos dos centros docentes

6. NORMAS DE CONVIVENCIA

Páx. 26

- 6.1 Horarios
- 6.2 Normas de saúde e hixiene persoal
- 6.3 Obxectivos marcados para fomentar a tolerancia e a convivencia

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES

Páx. 27

- 7.1 Actividades complementarias
- 7.2 Actividades extra escolares

8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Páx. 28

- 8.1 Biblioteca escolar
 - 8.1.1 Servizos que presta
 - 8.1.2 Horario
- 8.2 O Comedor escolar
 - 8.2.1 Persoal
 - 8.2.2 Normas de funcionamento
- 8.3 Transporte escolar

9. COORDINACIÓN INFORMATIVA

Páx. 30

**10. CONVIVENCIA: NORMAS BÁSICAS E
RÉXIME DISCIPLINARIO**

Páx. 31

- 10.1 Obxectivos xerais
- 10.2 Principios xerais
- 10.3 Incumprimento das normas de convivencia

Páx. 3

- 10.3.1.1 Acoso escolar
- 10.3.1.1 Protección integral das vítimas
- 10.3.1.2 Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar
- 10.4 Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras
 - 10.4.1 Clases de condutas contrarias á convivencia
 - 10.4.1.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
 - 10.4.1.2 Condutas leves contraria á convivencia
 - 10.4.2 Prescrición das condutas contrarias á convivencia
- 10.5 Medidas correctoras
 - 10.5.1 Principios xerais das medidas correctoras
 - 10.5.2 Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras
 - 10.5.3 Procedementos conciliados de resolución dos conflitos
 - 10.5.4 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
 - 10.5.5 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia
 - 10.5.6 Graduación das medidas correctoras
 - 10.5.7 Prescrición das medidas correctoras
- 10.6 Procedemento para a imposición das medidas correctoras
 - 10.6.1 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
 - 10.6.2 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia
 - 10.6.3 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores

11 NORMAS FINAIS

Páx. 39

- 11.1 Entrada en vigor
- 11.2 Cumprimento
- 11.3 Modificacións e procedementos
- 11.4 Data, lugar e órgano que o aprobou

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Identificación:

Localidade: Covelo
Municipio: Covelo
Provincia: Pontevedra
Dirección: Rúa Lamela nº 6. C.P 36872
Teléf./Fax: 886 110 389
Código de Centro: 36001690
E. Mail: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.es
Páx. Web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/

1.2 Contexto socioeconómico-cultural:

O Centro atópase no concello de Covelo que abrangue tódalas localidades do mesmo ademais das parroquias de Lougares, Couto, pertencentes ao Concello de Mondariz. Trátase dunha zona rural non demasiado desenrolada industrialmente e economicamente. Trátase, en xeral, dunha poboación obreira sendo a súa renda per cápita media. A falta de industria motiva que moita xente emigre a outras poboacións, polo que o alumnado vense reducindo notablemente nos últimos anos.

1.3 Tipoloxía escolar:

A maioría dos alumnos/as, agás excepcións, asisten regularmente ao Centro. Presentan os seguintes rasgos ou características:

.Proceden de familias cun nivel cultural medio.

.O seu poder económico é medio.

.Un porcentaxe relevante, presenta carencia de interese polo proceso de ensino-aprendizaxe, aínda que debemos subliñar que nos últimos anos estanse producindo avances significativos, en parte polas medidas que se están introducindo a través dos diferentes programas do centro. Nas últimas avaliacións de diagnóstico o nivel do centro atópase un pouco por debaixo da media galega.

Resulta en ocasións difícil motivar aos alumnos/as, xa que existe, unha certa porcentaxe do alumnado cunha carencia de interese por aprender. Desde un punto de vista afectivo, unha certa porcentaxe procede dun ambiente familiar que presente algún tipo de carencia. O interese das familias, polo rendemento académico dos seus fillos/as, é xeralmente baixo. Esta situación estase tratando de revertir a través de distintas medidas, destacando sobre elas o plan de acción tutorial.

1.4 Obxectivos:

O Obxectivo principal deste Proxecto Educativo de Centro e Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez, é establecer na medida que sexa posible, unhas normas de convivencia que garantan o correcto desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe cos principios de respecto e harmonía entre tódolos membros da comunidade educativa. Se procurará ademais o uso axeitado das dependencias e instalacións do Centro en cada unha das actividades programadas ao longo do curso. Será imprescindible polo tanto ter en conta unha serie de finalidades para a redacción deste Proxecto Educativo de Centro e Regulamento de Réxime Interior, que son as que se reflicten a continuación:

Páx. 5

- a) Levar a cabo os acordos de xestión e organizativos acadados no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual.
- b) Optimizar a utilización de recursos materiais e espaciais segundo os criterios establecidos nos Proxectos Curriculares de Etapa e nos acordos dos equipos docentes e de ciclo.
- c) Catalogar, en función da lexislación vixente, as funcións e responsabilidades dos órganos unipersoais e colexiados.
- d) Acadar uns niveis óptimos de convivencia entre tódolos membros que constitúen o Centro Educativo en particular e a Comunidade Educativa en xeral.
- e) Facilitar o proceso de interacción Familia-Escola na vida escolar favorecendo as iniciativas propostas ao respecto.
- f) Inculcar hábitos que fomenten a igualdade das persoas, sen distinción de ideoloxías, sexos, relixións, clases sociais...

1.5 Lexislación [para a súa elaboración]:

Os fins cos que se desenrola este Proxecto Educativo de Centro e Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez, ten como marco legal de referencia ao sistema educativo español e está baseado nos principios e valores da Constitución, asentados no respecto aos dereitos e liberdades reguladas na Lei Orgánica da Educación :

.O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a:

- Formación integral no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos e de convivencia.
- Adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- Capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- Formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.
- Preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- Formación para a Paz, a cooperación e a solidariedade entre os distintos pobos.
- Educación permanente, preparando aos alumnos/as para aprender por si mesmos.
- Formación personalizada, propiciando a educación integral nos coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos/as en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e profesional.
- Participación e colaboración cos pais/nais, titores/as para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- Efectividade da igualdade dos dereitos entre sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e ao respecto a todas as culturas.
- O desenvolvemento das capacidades creativas e o espírito crítico.
- O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- A autonomía pedagóxica dos centros dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores/as a partires da súa práctica docente.
- A atención psicopedagoxía e a orientación educativa e profesional.
- Metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado en procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- A avaliación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.

A formación no respecto e defensa do medio ambiente.

Ademais se tiveron en conta outras **disposicións legais** de aplicación:

- Constitución Española, 27 de decembro de 1978.
- Estatuto de Autonomía, Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril.
- Lei Orgánica 13/1982, do 7 de abril, de integración social.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

- **L.O.D.E** Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo. [*Dereito á educación. Participación da sociedade no sistema educativo. Financiamento de centros públicos e privados*]. - Real Decreto 1543/1988 do 28 de outubro, sobre os dereitos e deberes dos alumnos/as. - Real Decreto 895/1989, de 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en Centros Públicos de Preescolar, Educación Xeral Básica e Educación Especial.

- **L.O.X.S.E** Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. [*Estrutura do sistema e ordenación das ensinanzas. Ampliación da enseñanza obrigatoria ata os 16 anos. Establecemento da FP superior*].
 - Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo.
 - Orde do 6 de outubro do 95 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral adaptacións curriculares.

- **L.O.P.E.G** Lei 9/1995 de 20 de novembro de participación, de avaliación e de goberno dos Centros Educativos. [*Actividades extra - escolares. Autonomía de xestión dos centros docentes. Inspección polas administracións educativas. Órganos de goberno dos centros docentes*].
 - Decreto 374/1996, de 14 de outubro, polo que se aproba o regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
 - Orde do 28 de outubro de 1996 polas que regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos/as con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
 - Orde do 31 de outubro de 1996 que regula a avaliación psicopedagóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.

- **L.O.C.E** Lei Orgánica 10/2002 de 23 de decembro, de Calidade da Educación. [*Mellora o nivel medio dos coñecementos dos alumnos. Fomenta a cultura do esforzo como garantía persoal. Garante a igualdade de oportunidades. Prevé e combate o fracaso escolar. Mellora as condicións de traballo dos profesores nos centros*].
 - Orde do 27 de decembro de 2002 que desenvolve o Decreto 320/1996.
 - Real Decreto 1537/2003 do 5 de decembro que regula os espazos e equipamento.- Orde do 20 de febreiro de 2004 que establece as medidas de atención ao alumnado estranxeiro.

- **L.O.E** Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. [Proporciona unha educación de calidade a todos os cidadáns. Necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren

- para conseguir unha ensinanza de calidade para todos. Compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola UE para o ano 2010]. - - Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de convivencia escolar.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de Educación Infantil na Comunidade autónoma de Galicia.
 - Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo
 - Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG 06/06/2010)
 - Circular 10/2010 pola que se regulan as accións prioritarias por parte do departamento de orientación.
 - ORDE do 24 de maio de 2011 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2011/2012 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.- LEI 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciber acoso do 17 xuño de 2013
-
- **L.O.M.C.E** Lei Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
 - Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.
 - LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
 - RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2014 pola que se dá publicidade á campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal docente destinado en centros educativos non universitarios dependentes desta consellería.
 - ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa.
 - DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de

convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- ORDE do 21 de maio de 2015 pola que se regula o fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, en centros docentes sostidos con fondos públicos no curso escolar 2015/16.

- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- RESOLUCIÓN do 30 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital durante o curso 2015/16.

- Outras.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

Os principios básicos nos que se basea a labor pedagóxica-didáctica do Centro se pode resumir nos seguintes aspectos:

2.1 Confesionalidade:

O Centro respectará todas as ideoloxías relixiosas; no momento da formalización dunha nova matrícula se informará as pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as da posibilidade de escoller relixión católica ou pola contra de optar por educación en valores estudio dirixido atendidos por profesorado do colexio. No caso de E. Primaria será valores sociais e cívicos e no caso de E. Infantil será atención educativa. O impreso se enviará as familias que o deberán asinar para manifestar a súa decisión.

A comisión de coordinación pedagóxica, en colaboración coa xefatura de estudos e o orientador/a do centro exercerá a supervisión de todo tipo de actividades desenvolvidas no Centro: conferencias, charlas, que afecten a este apartado.

2.2 Lingua de aprendizaxe:

Utilizarase o castelán e o galego no Centro, utilizando o galego, con carácter xeral nas tarefas administrativas: documentacións, impresos, comunicacións, notas informativas, etc...

2.2 Lingua de aprendizaxe:

Utilizarase o castelán e o galego no Centro, utilizando o galego, con carácter xeral nas tarefas administrativas: documentacións, impresos, comunicacións, notas informativas, etc...

2.2.1 Docentes:

Segundo DOG do 25/05/2010, no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia desenvolve, ademais da Lei orgánica de educación, a Lei de normalización lingüística. En consecuencia, entre os principios que guían o novo texto figura, tal e como recolle a citada lei, a adquisición dunha competencia en lingua galega igual á do castelán dentro dos límites propios de cada etapa educativa.

A Lei de normalización lingüística establece que a primeira ensinanza deberá impartirse na lingua do alumnado. Xa que logo, cando o idioma maioritario da aula sexa o galego, en educación infantil as clases impartiranse nesta lingua. Cando non o sexa, asegurárase o cumprimento da lei mediante a atención individualizada ao alumnado. En todo caso, as dúas linguas oficiais serán tidas en conta e o profesorado deberá procurar que os rapaces adquiran ambas en igualdade ao remate desta etapa

Páx. 9

educativa. No resto das etapas, o galego deberá ter unha presenza horaria semellante á do castelán. Ademais, no ensino obrigatorio a Administración fixa algunhas materias que será preceptivo impartir na lingua propia de Galicia. En primaria, por ser unha área que permite adquirir un léxico variado de uso corrente e que esixe do alumnado unha importante capacidade de desenvolvemento textual á hora de facer exercicios e exames, estableceuse as materias de ciencias sociais e ciencias da natureza. Estas materias presentan, ademais, a vantaxe de incluír contidos propios das ciencias e contidos propios das humanidades. No noso centro segundo acordo de claustro de 26 de xaneiro de 2016 tamén se impartirá en galego a área de Educación artística (Música e Plástica). As matemáticas se impartirán en castelán. No noso centro tamén se impartirán en castelán a relixión / valores sociais e cívicos e a Educación Física. O Decreto para o plurilingüismo establece que deberá procurarse que o alumnado utilice o galego nas materias que se impartan nesta lingua. Tamén os libros de texto e restantes materiais deberán estar en galego.

2.2.2 Potenciación da lingua galega:

Para asegurar a promoción da lingua galega nos centros de ensino, o Decreto de plurilingüismo dispón que se establecerá un programa regular de actividades de fomento do galego, con especial atención ao incremento do seu uso nas actividades extraescolares e complementarias.

No deseño e posta en práctica deste programa terá un papel determinante o equipo de dinamización da lingua galega, que deberá constituírse en todos os centros sostidos con fondos públicos. O coordinador do equipo participará tamén na comisión que elabore cada catro anos o proxecto lingüístico do centro. Por outra banda, este coordinador terá iguais dereitos administrativos e económicos ca os xefes dos departamentos.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, mediante comisións que se establecerán en cada xefatura territorial de educación, coordinará o labor dos equipos de dinamización, difundirá as súas experiencias e ofrecerá asesoramento técnico. Ademais, a Administración educativa garantizará a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e de material en galego.

2.2.3 Aspectos principais:

A educación infantil impartirase en galego cando esta sexa a lingua maioritaria do alumnado. Cando non o sexa, o profesorado procurará que todos os nenos e nenas adquiren o coñecemento da lingua propia de Galicia e atenderá os galegofalantes de xeito individualizado. No resto das etapas educativas, o galego terá unha presenza horaria semellante ao castelán. O decreto fixa o galego como lingua vehicular das materias de Coñecemento do medio, en primaria, e de Ciencias sociais, xeografía e historia; Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, en secundaria obrigatoria.

Nas materias impartidas en galego, os materiais didácticos estarán redactados nesta lingua e procurase que o alumnado utilice o galego nas súas expresións orais e escritas. Establecerase un programa regular de actividades de fomento do galego, con especial atención ao incremento do seu uso nas actividades extraescolares e complementarias. Constituirase un equipo de dinamización da lingua galega que deseñará e poñerá en práctica o dito programa. O seu coordinador participará tamén na comisión que elabore o proxecto lingüístico do centro. A Secretaría Xeral de Política Lingüística coordinará o labor dos equipos de dinamización, difundirá as súas experiencias e ofrecerá asesoramento técnico

A Consellería de Educación establecerá un plan de formación que garanta a competencia en galego do persoal dos centros educativos.

A Administración educativa elaborará un plan específico de formación lingüística, histórica e

sociocultural de adultos destinado á nova poboación inmigrante.

2.2.4 Outros ámbitos de aplicación:

Utilizarase o galego con carácter xeral: nas comunicacións coa Administración, en carteis informativos, Claustros, Consellos Escolares, Departamentos, Ciclos, etc. Entre o profesorado, entre o profesorado e os pais/nais, co persoal non docente. En celebracións, festas, actividades extra escolares, teatros etc.

2.3 Liña metodolóxica:

A liña metodolóxica que afecta o proceso de ensino-aprendizaxe baséase nos seguintes principios e obxectivos:

A figura do profesor: transmisor de coñecementos ademais de orientador e guía do alumnado para que este último adquira as técnicas que lle permitan adquirir de xeito doado os conceptos transmitidos, fomentando a participación e o espírito crítico ademais da creatividade e a imaxinación. Fomento das relacións de convivencia en harmonía, cun espírito de colaboración e tolerancia entre todos os membros da Comunidade educativa.

Favorecer e ponteciar o uso das TIC no Centro a través das aulas de informática, encerado dixital... Integrar o uso do espacio da Biblioteca dentro dos períodos de lecer do alumnado, como lugar de estudio, investigación, consulta e préstamo.

Integrar os alumnos/as con necesidades educativas especiais, favorecendo as relacións que teñan como obxectivo básico a igualdade, o pluralismo, a solidariedade, o respecto mutuo e a non discriminación.

Promover hábitos saudables que impliquen a valoración e o respecto cara a vida, a saúde e a protección do medio ambiente.

3. ORGANIZACIÓN PRACTICA DA PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DECOMUNIDADE EDUCATIVA E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUCTURAS PARTICIPATIVAS

3.1 Órganos de Goberno:

3.1.1 Órganos unipersoais:

Elección, competencias, cese e substitucións. O Equipo Directivo. A) Dirección:

A.1 Elección:

Os Directores dos centros públicos serán seleccionados e nomeados mediante concurso de méritos entre profesores funcionarios de carreira dos corpos do nivel educativo e réxime ao que pertenza o Centro.

A selección realizarase de conformidade cos principios de publicidade, mérito e capacidade. Será realizada por unha Comisión constituída por representantes de las Administracións educativas e un mínimo do trinta por cento de representantes do Centro. De estes últimos, o cincuenta por cento mínimo serán representantes do Claustro de profesores de dito Centro.

O proceso, así como os requisitos axustarase o que marque a lexislación correspondente.

A.2 Competencias:

As que sinale a lexislación correspondente, entre outras as seguintes:

- Garantir o cumprimento da Programación Xeral anual e outras actividades.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do Centro tendo en conta as disposicións vixentes.
- Favorecer a convivencia impondo as correccións pertinentes, se proceden, de acordo cos criterios establecidos no Regulamento de Réxime interior.
- Garantir o dereito de reunión de mestres, alumnos, pais/nais do alumnado e persoal de administración e servizos.
- Facilitar a adecuada coordinación con outros servicios educativos- Outras que sinale a lexislación vixente.

A.3 Cese:

O Director/a cesará nas súas funcións ao final do seu mandato ou ao producirse algunha das causas recollidas na lexislación.

A.4 Substitución:

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do/a director/a as súas funcións serán desempeñadas polo Xefe/a de estudos do Centro.

B) Xefatura de Estudos:

B.E Elección:

Os xefes/as de estudos serán designados/as pola dirección entre os profesores/as preferentemente definitivos/as, logo de comunicación ao Consello Escolar.

B.2 Competencias:

As competencias da xefatura de estudos son as establecidas segundo a lexislación vixente, entre outras as seguintes:

- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co proxecto educativo de Centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na Programación Xeral Anual, así como velar polo seu cumprimento.
- Coordinar e orientar a acción titorial e de equipos docentes e ciclo.- Organizar a atención dos alumnos/as nos períodos de lecer.

B.3 Cese:

Os xefes/as de estudos cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato ou cando se produza algunha das causas recollidas na lexislación correspondente.

B.4 Substitución:

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións faranse cargo temporalmente das súas funcións os profesores/as que designe a dirección, logo de comunicación previa ao Consello escolar.

C) A Secretaría:

C.1 Elección:

O/a secretario/a do Centro será designado pola dirección entre os profesores/as preferentemente definitivos/as, logo de comunicación ao Consello Escolar.

C.2 Competencias:

Son competencias do secretario/a do Centro as que establece a lexislación vixente, entre outras as seguintes:

- Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos tomados co visto e praxe do director.
- Custodiar os libros e arquivos do Centro coa colaboración dos coordinadores/as dos equipos docentes e de ciclo.
- Expedir as certificacións que soliciten as administracións e os interesados/as.
- Elaborará o anteproxecto de orzamento de acordo coas directrices do consello escolar, escoitada a comisión económica.

C.3 Cese:

O secretario/a cesará nas súas funcións ao final do mandato ou ao producirse algunha das causas recollidas na lexislación correspondente.

C.4 Substitución:

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións farase cargo temporalmente das súas funcións o profesor/a que designe a dirección, logo de comunicalo ao Consello escolar.

3.1.2 Órganos colexiados: o Consello Escolar e o Claustro de Profesores/as.

A) O Consello Escolar:

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

A.1 Composición:

O Consello escolar do Centro está composto polos seguintes membros:

O Director/a , que actuará como presidente do mesmo.

O xefe/a de estudos

Cinco profesores/as

Un representante do Concello ou un/ha concelleiro/a

Cinco representantes dos pais/nais do alumnado do Centro (un ten que ser representante da A.N.P.A. obrigatoriamente).

Un representante do persoal de administración e servizos.

O Secretario/a do Centro, que actuará como secretario/a do consello, con voz, pero sen voto.

A.2 Comisións:

No so do Consello escolar existirán dúas comisións:

Comisión económica integrada por:

.O Director/a

.O Secretario/a

.Un profesor/a

.Un pai/nai do alumnado

A súa función é supervisar a xestión económica, é dicir, as contas do centro. Observatorio / Comisión de convivencia integrada por:

.O Director/a

.O Xefe/a de estudos

.O Orientador/a

.Dous profesores/as

.Un representante do persoal non docente

.Un representante dos pais/nais do alumnado

Os obxectivos fundamentais do funcionamento desta comisión son os seguintes:

.Resolver e mediar nos conflitos disciplinares do centro

.Canalizar as iniciativas e propostas de todos os sectores da Comunidade educativa co gallo de mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.

Reuniranse como mínimo unha vez cada trimestre e sempre que os convoque a Dirección do Centro ou o solicite como mínimo, un terzo dos seus membros. Ademais celebrarán unha reunión ao principio e ao final do curso.

A.3 Funcións:

As que establece a lexislación vixente.

A.4 Normativa aplicada ao funcionamento:

Para que sexa válida a constitución do consello escolar a efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do Presidente e secretario e da metade polo menos, dos seus membros.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo, ningún asunto que non figure incluído na Orde do día, e sempre pola maioría dos votos, agás naqueles temas en que a Administración esixa unha maioría cualificada.

Reunirase en sesión ordinaria unha vez por trimestre obrigatoriamente e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. A convocatoria entregárase nominalmente os distintos membros con corenta e oito horas de antelación mínima.

As reunións celebraranse fóra do horario lectivo, excepcionalmente e por razóns de urxencia, as comisións poderanse reunir en período lectivo (períodos de lecer), sempre e cando sexa posible a asistencia dos seus membros. B) O Claustro de Profesores/as:

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes del.

B.1 Composición:

O Claustro estará integrado pola totalidade dos profesores/as que presten servizo no centro estando sempre presidido polo director do colexio.

B.2 Competencias:

Son as que establece a lexislación vixente; cabe sinalar as seguintes:

- Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración e modificación das Propostas Curriculares dos Equipos Docentes e Ciclos, do Proxecto Educativo de Centro e de calquera outro documento organizativo que poida precisar as súas propostas, ben sexa por demanda do equipo directivo o debido a calquera norma lexislativa derivada da Administración.
- Elixir os seus representantes no consello escolar.
- Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren oportunos.

B.3 Normas de funcionamento:

O quórum para que sexa válida a constitución do mesmo, a efectos de celebración das distintas sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do Presidente/a, Secretario/a, ou, no seu caso os/as que os substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros.

A asistencia aos mesmos é obrigatoria, agás cando exista xustificación previa. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, agás que estean presentes tódolos membros e sexa declarada de urxencia; entón será polo voto favorable da maioría.

Os acordos serán adoptados por maioría de votos, agás naqueles temas en que a Administración esixa unha maioría cualificada.

O Claustro reunirse en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirse ao principio e ao remate do curso.

As reunións irán precedidas dunha convocatoria nominal a cada un dos seus membros, polo cunha antelación de 48 horas.

3.2 Órganos de coordinación docente:

Nos C.E.I.P con seis ou máis unidades (caso do noso Centro) existen os seguintes órganos de coordinación docente:

Equipos Docentes

- a) Comisión de Coordinación Pedagóxica
- b) Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- c) Equipo de Actividades Complementarias e Extra escolares

Para cada grupo de alumnos/as existe un mestre-titor/a asignado que se encarga da súa titoría.

A) Equipos Docentes:

A.1 Competencias-funcionamento:

Os Equipos Docentes agrupan a todos os mestres/as que imparten docencia nel e son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión de xefatura de estudos as ensinanzas propias de cada curso. No Centro están a funcionar tres equipos:

- Educación Infantil (un – 3anos, 4 anos, 5 anos).
- Educación Primaria [dous – (1o,2o,3o) –(4o,5o,6o)]

Son competencias dos mesmos, as seguintes:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao Claustro relativas á elaboración da Programación Xeral Anual.
- Formular propostas á Comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares ou a modificación dos mesmos.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Promover a investigación e innovación educativa e proporlle ao xefe/a de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- Aprobar o calendario, plan de reunións e programa de actividades dos equipos docentes e ciclo.
- Establecer as coordinacións necesarias entre os titores/as, resto do profesorado e ás familias.
- Elaborar as programacións didácticas das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e a lexislación vixente.

A.2 Elección do coordinador/a:

Cada un dos Equipos Docentes e de ciclo estará dirixido por un coordinador/a que desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos e será designado polo Director/a, oído o Equipo Docente e de Ciclo. Deberán ser mestres que impartan docencia nalgún dos cursos do equipo docente ou ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no Centro.

As funcións e o cese dos mesmos axustaranse á lexislación vixente.

A.3 Calendario de reunións:

Será establecido polo equipo directivo do Centro dentro da Programación Xeral Anual, en concreto faranse reunións unha vez ao mes e cando o requira o tipo de actividades programadas.

B) Comisión de Coordinación Pedagóxica:

B.1 Composición:

A comisión de coordinación pedagóxica, estará integrada polo Director/a, o xefe/a de estudos, o orientador/a, os coordinadores/as dos equipo docente ou ciclo, e o profesor/a de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais (pedagogía terapéutica); actuando como presidente o director/a e actuando como secretario/a un membro da Comisión, designado/a polo Director/a, oídos os restantes membros. Ás reunións asistirán sempre que sexa posible de forma xeral, ademais dos nomeados o resto do profesorado dado que os temas a tratar sempre son de importancia para todo o Claustro de profesores/as.

B.2 Competencias:

A principal función da comisión de coordinación pedagóxica é a de servir de canle entre os órganos de goberno do Centro e os equipos de coordinación didáctica.

B.3 Calendario de reunións:

Se establecerá polo Centro, como mínimo unha vez ao mes, (primeiro martes de mes), e cando as circunstancias de carácter excepcional o requiran.

C) Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

C.1 Composición:

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega estará formado polos seguintes membros:

- O coordinador/a que será nomeado e supervisado polo Director/a por un período de dous anos. Para este posto se escollerá preferentemente un profesor/a que teña destino definitivo no centro.
- Os coordinadores de cada un dos dous equipos docentes de primaria máis o coordinador/a do ciclo de infantil.

C.2 Competencias:

- Presentar, a través do Claustro, propostas ao equipo directivo para fixar os obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto de fomento do uso do Galego. - Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, o plan xeral para fomentar o uso do Galego.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Outras que marque a lexislación vixente.

C.3 Elección do coordinador/a:

Será nomeado/a polo director por proposta dos compoñentes do equipo, preferentemente un profesor/a con destino definitivo no centro, desempeñando o seu cargo por dous anos, renovables, se é o caso.

C.4 Calendario de reunións:

Se establecera polo Centro, como mínimo unha vez ao mes, (segundo martes de mes), e cando circunstancias de carácter excepcional o requiran.

D) Equipo de Actividades Complementarias e Extra escolares:

D.1 Composición:

O Equipo estará integrado polo seu xefe/a, e para cada actividade concreta polos profesores que participan nela.

D.2 Competencias:

- Elaborar o programa anual destas actividades tendo en conta as propostas dos equipos dos equipos docentes e ciclo.
- Programar cada unha das actividades.
- Promover e coordinar actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos docentes ou ciclo e a ANPA.
- Organizar a utilización da biblioteca do Centro.- Outras que marque a lexislación vixente.

D.3 Elección do coordinador/a:

O xefe/a do Equipo de actividades complementarias e extra escolares será un profesor/a, designado polo Director/a por proposta de Xefatura de estudos oída a Comisión de coordinación pedagóxica, por un período de dous anos.

D.4 Calendario de reunións:

Se establecerá polo Centro, como mínimo unha vez ao mes, (primeiro martes de mes), e cando circunstancias de carácter excepcional o requiran.

3.3 As titorías: Titoras/as, plan de acción tutorial:

3.3.1 Ámbito de funcionamento:

Cada grupo de alumnos/as terá un mestre/a titor/a que será designado polo director a proposta da xefatura de estudos entre os profesores/as que impartan docencia nese grupo, procurando, na medida do posible, que a designación recaea sobre o que mais horas imparta no citado grupo. A elección de curso, por parte dos profesores/as levarase a cabo tendo en conta a lexislación vixente.

3.3.2 Reunións con pais/nais:

Cada titor/a terá tantas reunións cos pais/nais como considere necesarias, ben sexa de forma conxunta ou individual. Serán obrigatorias dúas reunións conxuntas segundo figura no noso plan de acción tutorial: unha ao principio do curso e outra final de curso con todos os pais/nais ou titores legais do alumnado do seu grupo clase.

3.3.3 Plan de acción tutorial:

Ao principio de cada curso escolar cada titor/a a partir do plan de acción tutorial que temos elaborado no centro, establecerá para o seu grupo-clase as liñas de actuación na súa acción tutorial.

As funcións principais dun mestre/a titor/a son as recollidas na lexislación vixente; cabe destacar as seguintes:

- Coñecer as características dos seus alumnos/as a través da recollida de datos e análise dos expedientes dos mesmos.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e buscar solucións.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos/as do seu grupo – clase.
- Participar nas reunións dos equipos docentes ou ciclo previstas na Programación Xeral Anual e nas diferentes actividades establecidas na Programación Xeral Anual. Cubrir todos os documentos oficiais relativos ao seu grupo-clase.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as.- Outras que desenvolva a lexislación vixente.

3.4 Atención aos alumnos/as con necesidades educativas especiais:

O equipo de orientación do Centro, coordinado polo coordinador/a, será o encargado de, despois de valorar as necesidades manifestadas polos titores/as e resto do profesorado na avaliación inicial dos alumnos/as, establecer os alumnos/as que deben recibir apoios e reforzos específicos dando prioridade en función das posibilidades operativas e de persoal que teña o Centro.

A coordinación da atención aos alumnos/as con necesidades educativas especiais será realizada polo orientador e polos profesores/as de apoio á atención dos alumnos/as con necesidades educativas especiais (profesor/a de pedagogía terapéutica e profesor/a de audición e linguaxe); recibirán atención docente directa por parte dos profesores/as do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso dos profesores de apoio amais doutro profesorado que dentro do seu horario conte con dispoñibilidade para reforzar a tarefa docente dos profesores do grupo, preferentemente na aula-clase cando as circunstancias o permitan.

Os profesores/as de apoio desenvolverán ademais as seguintes funcións:

- Coordinar , en colaboración coa xefatura de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e estancia dos alumnos/as con algún tipo de minusvalía.
- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plano de actuación con este alumnado.
- Orientar o profesorado que imparta docencia a estes alumnos/as.,ademais das familias.- Colaborar co resto do profesorado na elaboración das adaptación curriculares si estas fosen necesarias.
- Outras que marque a lexislación vixente.

3.5 As A.N.P.A.S:

As A.N.P.A.S (asociacións de nais/pais de alumnos/as son os mecanismos de participación dos mesmos/as na vida escolar).

3.5.1 Funcións:

- Elevar propostas ao Consello escolar para a elaboración do Proxecto Educativo de Centro, e ao equipo directivo para a elaboración da Programación Xeral Anual.
- Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos que inflúan na marcha xeral do Centro- Dar información aos asociados/as da súa actividade.
- Recibir información dos seus representantes no Consello Escolar das diferentes reunións levadas a cabo ao longo do curso.
- Elaborar propostas de modificación do Plan de Convivencia e do Regulamento de Réxime Interior.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extra escolares, que unha vez aceptadas formarán parte da Programación Xeral Anual.
- Recibir un exemplar da citada programación.
- Utilizar as instalacións do centro para as tarefas que lles son propias, sempre que non interrompan o normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Coñecer os resultados académicos referidos ao Centro e a súa valoración que deles fagao consello escolar.
- Participar nos distintos órganos de goberno e organización do centro, en función da lexislación vixente, a través dos seus representantes.

4. RECURSOS HUMANOS:

4.1 Profesorado:

4.1.1 Forma de adscrición ao curso:

A adscrición funcional do profesorado será realizada polo Director/a segundo a proposta motivada da Xefatura de Estudos, se é o caso no primeiro Claustro do curso e unha vez oído este, asignaralle curso/s e materia/s a cada profesor/a do centro.

No caso de que no centro exista unha sección bilingüe ou algún curso integrado no Proxecto Abalar os criterios a considerar en primeiro lugar son os seguintes:

- Correcto funcionamento do proxecto Abalar e das seccións bilingües
- Prestarlle a mellor atención posible as necesidades do alumnado do centro

- Rentabilizar ao máximo o capital humano dispoñible, actualizando o potencial creativo do grupo de persoal docente do colexio

- Consensuar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades e esforzos.

A dirección do centro, en casos excepcionais e por razóns psico - socio - pedagóxicas ou organizativas, informado o claustro, o Servizo de Inspección e escoitado o profesor/a afectado, poderá alterar os criterios de adscrición funcional sinalados a continuación que como norma xeral se utilizan habitualmente:

a) Adscrición funcional: se respectará a adscrición ao posto de traballo que lles tivese correspondido aos profesores definitivos, así como aos profesores en propiedade provisional ou interinos que obtiveron un posto de traballo específico no proceso de elección de destino establecido para o efecto (concurso de traslados, elección..)

b) O profesorado deberá impartir, de ser necesario, outras ensinanzas ou desenvolver outras actividades de carácter escolar que poidan corresponderlles, de acordo coa organización pedagóxica do Centro.

c) Para a adscrición a outras áreas ou materias o director/a terá en conta como requisito fundamental que o profesor/a estea en posesión da habilitación nela, recoñecida pola xefatura territorial de educación a través da oportuna certificación.

d) No caso de que haxa varios profesores/as habilitados para impartir unha área determinada ou no suposto de que ningún profesor/a reúna os requisitos de habilitación, a adscrición levarase a cabo de acordo coa seguinte orde de prioridade:

- Antigüidade ininterrompida como propietario definitivo no centro.

- Tempo de servizos no corpo de profesores-mestres como funcionario de carreira.

- Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista, se é o caso.

- A mesma orde de prioridade aplicarase para o profesorado adscrito a primaria, sen esquecer que cada profesor/a encargarase da educación dun grupo de alumnos/as ao longo ao menos, se é posible, dun período de dous cursos.

4.1.2 Dereitos e Obrigas:

4.1.2.1 Dereitos:

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra escolares.

- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

4.1.2.2 Obrigas:

Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra escolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoo en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4.1.3 Procedemento de substitución en caso de ausencia:

En caso de ausencia prolongada o profesorado será substituído polo profesor/a nomeado pola Administración educativa.

Cando se trate de substituír a un profesor ou profesora en caso de ausencia do mesmo/a, respectaranse as seguintes regras:

- O número de substitucións será proporcional na medida que sexa posible ao número de períodos libres semanais.
- O profesorado terá a súa libre disposición en titoría un cadro horario de substitucións onde semarcarán o número de sesións libres e a orde que lle corresponde en cada unha delas, procurando en todo momento manter un criterio de igualdade e proporcionalidade para o profesorado do Centro.

As substitucións serán informadas a través de

Xefatura de estudos, mediante un cadro que se expoñerá en titoría marcando sempre:

- Profesor/a a substituír -profesor/a que lle corresponde a substitución
- Materia
- Horario de cada materia

Deberanse sempre respetar os espazos físicos á hora de substituír. Para calquera cambio ou modificación deberase informar previamente á xefatura de estudos.

As faltas do profesorado serán rexistradas mensualmente nun cadro que estará visible en titoría. Tamén se expoñerá o rexistro que se envía ao Departamento territorial de Educación coas citadas ausencias.

Cando se trate dunha ausencia previsible, o profesor/a deberá deixar obrigatoriamente as actividades correspondentes para o día ou días que teña previsto non acudir ao Centro. Nos casos nos que determinado profesorado do Centro se vexa implicado en excursións, actividades varias, deporte escolar....será substituído en 1º lugar por profesorado que estea no Centro libre gracias a que os alumnos/as que lle houbesen correspondido atender se atopen ocupados noutras actividades ou non se encontren no Centro nese momento.

4.2 Alumnado

4.2.1 Admisión:

Para matricularse no Centro os alumnos/as deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos ou cumprir antes do remate do ano, no que se vai a matricular 3 anos como mínimo (se trata dunha incorporación na etapa de Educación Infantil).
- Residir nalgunha das parroquias adscritas ao Centro
- Presentar as solicitudes así como a documentación que acredite o alumno/a os seus datos persoais e domiciliarios nos prazos previstos e utilizando o procedemento establecido pola Consellería de Educación (en circunstancias especiais poderanse matricular fora dos prazos anteriormente fixados).O cambio de curso, ou etapa non requirirá novo proceso de admisión. Soamente nos casos que as circunstancias persoais do alumno/a variasen deberán presentar obrigatoriamente na Secretaría do Centro os documentos que así os acrediten.

4.2.2 Dereitos:

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e co - educativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

4.2.3 Obrigas:

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus

respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4.2.4 Agrupamentos e medidas de atención a diversidade:

Ao principio de cada curso o alumnado agrúparase tendo en conta a idade e a orde alfabética dos apelidos e nome de cada neno/a. Do mesmo xeito procurarase que:

- Os alumnos/as que non promocionen de curso se integren equitativamente nos grupos que se formen no centro tendo en conta a orde alfabética. - A agrupación se manteña ao longo dos cursos sucesivos.
- Os alumnos/as que se incorporen ao longo do curso, se integrarán no curso que lle corresponda seguindo as pautas antes mencionadas.

Procurarase en todo momento a integración daqueles/as alumnos/as que teñan dificultades de aprendizaxe, conforme as medidas legislativas de atención a diversidade o establezan:

*apoios e reforzos educativos

*adaptacións curriculares

4.3 Nais e pais ou titoras e titores dos alumnos/as:

4.3.1 Dereitos:

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración Educativa.

4.3.2 Obrigas:

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 - b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 - d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Os pais/nais ou titores/as legais do alumnado, procurarán falar co titor/a no horario establecido para tal fin (se lles comunicará en nota informativa a principio de curso), ou en calquera outro que previamente se concertará por ambas partes.

- Cando desexen recoller ao seu fillo/a deberán comunicalo previamente en Dirección cubrindo a continuación un xustificante de saída do alumno/a elaborado para tal fin. En ningún caso, se poderá subir aos espazos lectivos . Se o neno/a regresase despois das 14:05 h non poderá ter acceso ao servizo de comedor escolar.

- Se necesitasen nalgún intre comunicarse cos seus fillos/as (levarlles algún material, bocadillo, recados...) poderán acudir ao Centro ou chamar por teléfono; o Equipo Directivo ou o profesorado do Centro, serán os encargados de transmitirllas a información co fin de alterar o mínimo posible a actividade académica.

4.4 Persoal de administración e servizos:

4.4.1 Dereitos:

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

4.4.2 Obrigas:

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

4.5 Utilización das instalacións escolares:

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de persoas ou entidades alleas á Comunidade Educativa será preceptiva a solicitude dirixida ao Director/a do centro. En función da complexidade das solicitudes podería considerarse necesario a autorización expresa do Consello Escolar do Centro e si o contido das mesmas superase as competencias do Consello Escolar sería preciso a autorización do Xefe Territorial de Educación da provincia de Pontevedra que estudaría os informes dos organismos que estime pertinente, resolvendo o que proceda.

En ningún caso poderán ser utilizadas para actividades lucrativas.

Os gastos que se ocasionen correrán a cargo das persoas ou entidades que fagan uso das mesmas.

As organizacións sindicais docentes poderán celebrar reunións nos centros escolares na forma e límites establecidos regulamentariamente.

Para garantir un correcto uso das instalacións e os recursos materiais do Centro é necesario:

- A comunicación previa á Dirección do Centro escolar
- A esixencia dun documento asinado de responsabilidade por parte dos organizadores por posibles abusos, roturas ou deterioro das instalacións ou medios usados.

5. PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS E DOS RESTANTES MEMBROS DACOMUNIDADE EDUCATIVA NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO:

5.1 Procedementos de consulta e participación directa no ensino:

5.1.1. Para facer efectiva a corresponsabilidade entre o profesorado e as familias na educación dos seus fillos e fillas e garantir a colaboración efectiva entre a familia e a escola, a Administración educativa poderá establecer procedementos de consulta e participación directa das familias. Estes procedementos poderán estenderse a outros membros da comunidade educativa.

5.1.2. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.

5.1.3. En ningún caso poderán ser obxecto de consulta os aspectos da programación xeral do ensino regulados directamente por normas con rango de lei ou que deban ser regulados pola lei por disposición constitucional.

5.2 Principios xerais e garantías dos procedementos de consulta e participación directa:

5.2.1 Os procedementos de consulta e participación directa convocaranse por orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación antes do inicio do curso escolar no que os resultados deles se terán en conta para a adopción das correspondentes decisións no ensino por parte da Administración educativa.

5.2.2 A orde de convocatoria deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia cunha antelación mínima de quince días con respecto á iniciación do procedemento e establecerá, como mínimo:

- a) O carácter meramente orientativo ou o grao de vinculación que para a Administración educativa e os centros docentes terán os resultados do procedemento.
- b) As garantías que procedan de acordo coa finalidade e co carácter do procedemento para asegurar a protección dos datos de carácter persoal dos participantes, a autenticidade das opinións individuais emitidas e dos resultados globais e a neutralidade da Administración educativa e dos centros docentes na adopción de decisións derivadas do procedemento.
- c) O prazo de duración do procedemento, que non poderá ser inferior a un día natural nin superior ao período de matrícula que se estableza nas normas de admisión nos centros docentes.

5.2.3 Os procedementos de consulta e participación directa poderán realizarse mediante a utilización de medios electrónicos, ben nos propios centros docentes, ben telematicamente, respectando as garantías establecidas na lexislación sobre acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e na de protección de datos.

5.3 Acceso das nais e pais ou das titoras ou titores ao profesorado e aos equipos directivos dos centros docentes:

5.3.1 As disposicións que regulen a distribución do horario semanal individual do profesorado garantirán a dispoñibilidade deste, teña ou non a condición de titor, para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

5.3.2 Garantirase igualmente a dispoñibilidade dos membros dos equipos directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

5.3.4 Ao dar cumprimento ao previsto neste artigo, coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA:

6.1 Horarios:

XORNADA LECTIVA DE SETEMBRO ATA XUÑO

	- Mañá	- Tarde
INFANTIL -	10:00 h a 14:00 h	- 15:00 h a 16:00 h
PRIMARIA -	10:00 h a 14:00 h	- 15:00 h a 16:00 h

6.2 Normas de saúde e hixiene persoal:

Tendo en conta que a prevención é un dos mellores métodos para atacar aos hábitos negativos para a saúde e a escola un medio no que deben asentarse e afundir nas estratexias de saúde para os estudantes, é necesario facer fincapé no respecto ás normas que se encontran reguladas legalmente.

Se terán en conta as seguintes normas:

a) Prohíbese totalmente fumar en calquera dependencia do colexio así como no recinto escolar, a calquera persoa que acceda ao Centro, estude ou traballe nel, ademais nos vehículos de transporte escolar.

- Queda prohibido o emprego de nomes, marcas ou símbolos distintivos que sexan utilizados para identificar produtos do tabaco.

• As Administracións públicas competentes, neste caso a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, promoverá directamente e en colaboración coas sociedades científicas, axentes sociais e organizacións gobernamentais, accións e programas de educación para a saúde, información sanitaria e de prevención do tabaquismo.

b) Dentro da promoción de estilos de vida saudables e tendo en conta as graves alerxias alimentarias que padecen algúns alumnos/as do centro, establécense uns límites aos alimentos que o alumnado poderá traer para o seu almorzo do recreo da mañá nos seguintes termos:

- Son alimentos permitidos os seguintes:

- Lácteos (agás de chocolate ou derivados)

- Froita variada

- Bocadillos variados (agás de chocolate, nocilla ou derivados)

- Quedan expresamente prohibidos os seguintes alimentos:

- Froitos secos

- Chocolates ou derivados
- Galletas / Biscoitos / Bolería industrial...
- Peixe e derivados (patés de atún, salmón..)

- Todo tipo de lambetadas
- Calquera alimento do que non se teña a seguridade que no seu proceso de elaboración se empreguen fariñas ou outros compoñentes que poidan conter trazas de froitos secos.

Outras disposicións:

- En relación coa hixiene bucodental, queda ao criterio dos distintos titores/as en función da súa organización, a posibilidade de establecer quendas para o cepillado de dentes despois do xantar.
- Queda prohibido o uso dos móbiles por parte do alumnado en calquera dependencia do Centro Escolar. En casos excepcionais se poderá traer ao colexio, onde quedará gardado en Dirección no momento de chegar ao Centro escolar, entregándosele ao alumno/a ao remate do período lectivo.
- Por cuestións organizativas, nos cambios de clase, non se permitirá ir aos servizos debendo os alumnos/as esperar ao profesor/a para pedirlle permiso. Tampouco se poderá saír das aulas nos períodos citados anteriormente.

6.3 Obxectivos marcados para fomentar a tolerancia e a convivencia:

- Transmitir e exercitar os valores que fagan posible a vida na sociedade e os hábitos de convivencia e respecto mutuo, formando aos escolares no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais así como no exercicio da tolerancia. Se promoverán actividades ao longo do curso que fomenten este principio.
- Facer que as normas de convivencia e os dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa, sexan coñecidas por todos e incidan na vida cotiá do Centro, impregnando a organización escolar na súa totalidade, para que sexan vividos e percibidos polos alumnos/as como algo habitual.
- Potenciar unha comunicación constante e directa cos alumnos/as, tanto a nivel individual como de grupo, no marco dun plano de acción tutorial coherente.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES:

7.1 Actividades complementarias:

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilicen. Así cabe considerar: - Visitas pedagóxico-didácticas reflectidas na programación xeral anual e outras que poidan xurdir ao longo do curso.

- . Obradoiros
 - . Actividades deportivas
 - . Charlas, actuacións
 - . Exposicións
 - . Traballos de campo
 - . Viaxes de estudio
 - . Conmemoracións
 - . Festivais: Nadal, Letras Galegas
 - . Festas tradicionais: O magosto e o entroido
- Tanto as visitas como as viaxes de estudio terán carácter voluntario e sempre necesitarán autorización previa do pai/nai ou titor/a legal do alumno/a.

A participación nas conmemoracións, traballos de campo, festivais e festas tradicionais será obrigatorio e rexéranse pola normativa establecida para cada unha delas en concreto polo Centro escolar.

7.2 Actividades extra escolares:

Teñen carácter de extra escolares aquelas que, sendo organizadas polo Centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria. Deberán contar tamén coa autorización expresa do pai/nai ou titor/a legal do alumno/a.

A programación de actividades complementarias e extra escolares é competencia do equipo de actividades complementarias, en coordinación coa Xefatura de Estudos, presentando as propostas ao equipo directivo para a súa realización. Os alumnos/as irán acompañados polo profesorado correspondente na proporción que esixe a lexislación vixente. Naquelas actividades que polo seu carácter especial impliquen un maior risco ou unha maior dificultade de control poderanse establecer ratios diferentes.

A A.N.P.A en colaboración co Centro poderá organizar actividades extra escolares dentro ou fóra do horario lectivo, sendo a responsable directa do desenrolo das mesmas.

8. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS:

8.1 Biblioteca escolar:

A Biblioteca escolar funcionará ao longo do curso escolar dende outubro ata maio. Habará un profesor/a encargado/a da mesma. Tamén dentro das quendas de recreo, de 11:45h a 12:15h, tódolos días da semana habará un profesor/a para atender aos alumnos/as que decidan utilizar este servizo durante este espazo horario

8.1.1. Servizos que presta:

- Préstamo de libros
- Busca de información
- Lectura

8.1.2 Horario:

O longo do curso establecerase un horario fixo en función da dispoñibilidade do profesorado para o servizo de préstamo.

Nas horas de clase sempre estará a disposición de calquera grupo de alumnos/as, sempre e cando sexan acompañados por un profesor/a que supervise a súa labor.

No período de lecer correspondente á sesión da mañá permanecerá aberta, soamente en servizo de lectura e busca de información. O alumno/a que decida voluntariamente acudir a biblioteca deberá permanecer nela hasta que remate totalmente este período de lecer.

No período de lecer posterior á hora da comida, a biblioteca permanecerá pechada.

8.2 O Comedor escolar:

O noso Centro oferta servizo de comedor escolar .

8.2.1 Persoal:

- Encargado/a de comedor: un profesor/a do Centro.

- Persoal colaborador: Profesores/as do Centro.
- Persoal de cociña: un cociñeiro/a e un/ha auxiliar.- Director.

8.2.2 Normas de funcionamento:

- Teñen dereito a utilizar o comedor escolar, dende o primeiro curso de Educación Infantil (matriculados en 3 anos), tódolos alumnos/as transportados do centro. Tamén poden facer uso do mesmo os alumnos/as non transportados. En función da lexislación vixente dependendo do nivel de renda con gratuidade total, abonando 1 euro, 2,5 euros ou 4,5 euros por día de uso do servizo.
- Os alumnos/as poderán comer, sempre e cando accedan ao comedor antes das 14:10 horas, no caso de que tivesen que ausentarse do Centro por unha causa xustificada (cita médica...) se excedesen ese horario terían que comer nos seus respectivos domicilios e incorporarse ao colexio no horario lectivo da tarde.
- As familias estarán informadas do menú escolar mensualmente, xa que se lles enviarán periodicamente os do mes en curso.
- Os alumnos/as colaborarán voluntariamente, a partires do 3º curso de E. Primaria, na colocación dos utensilios da comida diaria, habendo tres encargados por mesa pertencentes a distintos cursos dende 3º ata 6º de primaria, fixos todo o ano en quendas rotatorias. Eles mesmos se encargarán de servir aos seus compañeiros.
- Se establecerán quendas de vixilancia por parte do persoal colaborador e tamén polo encargado/a do comedor.
- Existe un protocolo de autoprotección do comedor escolar que inclúe u control de puntos críticos (APPCC)

8.3 Transporte escolar:

Os alumnos/as que pertencen a este Centro son na súa inmensa maioría alumnos/as con dereito a transporte escolar. Fan un total de dúas viaxes diarias: pola mañá ao comezar o horario lectivo e a tarde, cando remata este horario.

Se establecen dúas quendas de vixilancia do transporte por parte do profesorado do centro: unha na chegada e outra na saída do transporte. O horario é de 9:40h a 10:00h pola mañá e de 16:00h a 16:10 h pola tarde.

No colexio o transporte escolar está adxudicado a cinco empresas, realizando este servizo un total de 7 vehículos: 5 autocares e dous taxis.

Como consecuencia da instrución conxunta 9/2017, publicada o 2 de xuño de 2017, por parte da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos en relación coa recollida do alumnado á finalización da xornada escolar ou á baixada do transporte escolar, no noso centro establecemos o seguinte protocolo de actuación:

- Elaboración de dous documentos para autorizar a recollida dos alumnos:
 - Un deles para o alumnado ata 4º de E. Primaria
 - Outro para o alumnado de 5º e 6º de E. Primaria
- Estes documentos se entregan as familias ao inicio do curso para que especifiquen nos mesmos tódalas persoas autorizadas a recoller ao alumnado. Nun prazo de dúas semanas deben ser entregados no centro.

- O documento serve tanto para recoller ao neno/a á saída do centro escolar, á baixada do transporte ou ao longo da xornada escolar en calquera momento da mesma. Se diferencia en función da idade do alumno, (5º e 6º de E. Primaria), a posibilidade de que os titores legais o autoricen a saír do centro ao final da xornada escolar ou a baixar do transporte escolar sen o acompañamento dun adulto.
- Elaboración dun documento único á disposición do profesorado, onde, por cursos, se recollen tódalas autorizacións do alumnado do centro. A finalidade do mesmo é verificar a identidade de calquera persoa que veña recoller un alumno ao centro.
- Elaboración de listados por rutas, coas copias das autorizacións de cada alumno, que se entregan ás empresas de transporte escolar, para facilitar o control en cada unha das paradas da ruta das persoas que poidan acudir a recoller a un alumno/a.
- É responsabilidade do cuidador/a de cada ruta verificar que se atopán no autobús tódolos alumnos/as que deban ser transportados en cada momento. No caso de xurdir algunha dúbida débese consultar ao profesorado que se ocupa da vixilancia do transporte escolar.
- Ao mesmo tempo, no momento de iniciarse as actividades extra-escolares por parte da ANPA, tamén se fai entrega ás empresas de transporte do alumnado que ten actividades extra-escolares algún día da semana para facilitar o control dos alumnos/as transportados.
- É responsabilidade da ANPA ou por delegación de cada monitor/a de actividades extra-escolares organizadas pola ANPA, chegar ao centro con tempo suficiente para verificar, controlar e recoller ao alumnado que participa nesa actividade no momento que vai saíndo do centro.
- Tamén, de acordo coas empresas de transporte escolar e sempre que existan prazas libres, se contempla a posibilidade de, por necesidades relacionadas coa conciliación familiar e laboral a través dunha autorización específica, permitir en días concretos da semana utilizar por parte dun alumno/a unha liña de transporte distinta da que lle corresponde por domicilio.
- De cara a vindeiros cursos estes documentos de autorización se facilitarán ás familias no momento de formalizar a matrícula.
- Os documentos de autorización son documentos abertos suxeitos a calquera modificación ao longo do curso escolar, no que respecta a engadir ou eliminar calquera persoa autorizada para recoller a un alumno/a. Estas modificacións se reflectirían no documento xeral do centro así como tamén se faría a comunicación respectiva á empresa de transporte afectada.

9. COORDINACIÓN INFORMATIVA:

A información é un dereito e dun deber por parte do:

- Equipo Directivo- Consello escolar - Comisións:
- Coordinación Pedagóxica
- Observatorio de Convivencia
- Equipos Docentes e de Ciclo: Infantil e Primaria
- Profesorado
- Alumnado
- Persoal non docente
- ANPA
- Concello
- Organizacións sindicais

O Equipo Directivo encargárase de recibir a información do persoal do centro e de transmitila.

Para facilitar e expoñer a información de cada sector ou para cada sector dispónse de taboleiros de anuncios tanto na titoría como noutras dependencias do Centro. As comunicacións directas aos

profesores/as faranse chegar a través dos membros do equipo directivo a nivel oral ou escrito. Os comunicados por escrito deberán ir sempre asinados pola Dirección o no seu defecto por un membro do equipo directivo.

As reunións, nas que se dea ou recolla información, celebraranse habitualmente dentro do horario laboral establecido para o profesorado ou, de forma excepcional ou de cara a outros estamentos e organismos, noutro que facilite a asistencia dos membros interesados/as ou afectados/as.

10. CONVIVENCIA: NORMAS BÁSICAS E RÉXIME DISCIPLINARIO:

A convivencia é un obxectivo fundamental en calquera centro educativo, sendo a base sólida na que se debe asentar o correcto desenvolvemento de todo o proceso ensino - aprendizaxe no máis amplo sentido do termo. Para acadar este obxectivo, a convivencia debe asentarse sobre os seguintes elementos:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- i) Considerar a condición de autoridade pública do profesorado. É necesario, polo tanto, concretar as faltas, procedementos e sancións polo incumprimento dos deberes e obrigas dos alumnos/as.

10.1 Obxectivos xerais:

- Regular e concretar o comportamento do alumnado, facendo un seguimento exhaustivo en base a criterios obxectivos ao longo do curso escolar, en colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa.
- Corrixir condutas inadecuadas, coa fin de imprimir un carácter educativo e recuperador.
- Potenciar o uso de hábitos de conduta e comportamento no entorno escolar apropiados: respecto e coidado do material, instalacións....

10.2 Principios xerais:

Debemos ter en conta os seguintes principios xerais:

- Ningún alumno/a poderá ser sancionado por condutas distintas ás tipificadas como faltas neste regulamento.

- Non só se poderán corrixir os actos que se realicen dentro do recinto escolar ou en actividades complementarias ou extra escolares, senón tamén aqueles que se realicen fóra pero que estean motivados ou teñan relación coa vida escolar ou con calquera membro da comunidade educativa.

- Os incumprimentos das normas de convivencia e as correccións que poidan proceder, valoraranse tendo en conta que:

.Ningún alumno/a poderá ser privado/a do exercicio do seu dereito á educación, nin do dereito a escolaridade no ensino obrigatorio.

.Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.

.Deberase ter en conta a idade e as circunstancias familiares-sociais do alumno/a antes de resolver o procedemento corrector.

.Consideraranse circunstancias atenuantes o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade. Consideraranse circunstancias agravantes a premeditación e a reiteración, ou causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou os acabados de chegar ao Centro.

.As correccións que se impoñan terán sempre como finalidade un carácter educativo e recuperador, contribuindo á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe do alumno/a.

10.3 Incumprimento das normas de convivencia:

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extra - escolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan.

10.3.1 Acoso escolar:

- Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

10.3.1.1 Protección integral das vítimas.

1. A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. 2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

10.3.1.2 Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

1. O Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.

2. O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

4. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

5. O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta normativa.

10.4 Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras:

- O concepto de falta enténdese como un incumprimento total ou parcial das normas de convivencia do centro concretadas no regulamento de réxime interior.

10.4.1 Clases de condutas contrarias á convivencia:

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

10.4.1.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extra - escolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- l) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011), cando se é requirido para iso polo profesorado.
- m) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- n) O incumprimento das sancións impostas.

10.4.1.2 Condutas leves contraria á convivencia:

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extra - escolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea i) do artigo anterior.

- c) A non asistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

10.4.2 Prescrición das condutas contrarias á convivencia:

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

10.5 Medidas correctoras:

10.5.1 Principios xerais das medidas correctoras:

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

10.5.2 Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras:

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. rearanse as aulas de convivencia inclusiva, no noso centro este espazo será a xefatura de estudos, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

10.5.3 Procedementos conciliados de resolución dos conflitos:

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o cumprimento de cumprimento das accións reparadoras.

2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

4. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

10.5.4 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia: As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extra - escolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

10.5.5 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extra - escolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

10.5.6 Graduación das medidas correctoras:

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

10.5.7 Prescrición das medidas correctoras:

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

10.6 Procedemento para a imposición das medidas correctoras:

10.6.1 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno

ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da LEI orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

10.6.2 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia:

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levará a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011).

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011). A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que imponden as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

10.6.3 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores:

As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

11. NORMAS FINAIS:

11.1 Entrada en vigor:

Este Proxecto Educativo de Centro e o Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello escolar do Centro.

11.2 Cumprimento:

Este Proxecto Educativo de Centro e o Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez é de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

11.3 Modificacións e procedementos:

Para poder modificar este Proxecto Educativo de Centro e o Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez é necesario que se reúna o Consello Escolar á proposta do Director/a, ou ben, a proposta dos dous terzos dos seus compoñentes, neste caso a proposta do texto modificado entregárase ao Director xunto coa petición da reunión do Consello Escolar.

As asociacións de nais/pais de alumnos/as teñen recoñecido o dereito a elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interior. Para modificar o texto actual é necesario contar coa maioría absoluta dos votos (a metade máis un dos membros que compoñen o Consello Escolar).

En calquera caso, o Proxecto Educativo de Centro e o Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez adaptárase ás normas das circulares e demais ordes de rango superior que dite a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

11.4 Data, lugar e órgano que o aprobou:

O presente Proxecto Educativo de Centro e Regulamento de Réxime Interior do C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez (pendente) aprobouse por unanimidade na reunión de Consello Escolar celebrada o 30 de xaneiro de 2018, entrando en vigor a partir do mércores 31 de xaneiro de 2018